



CAMALEÓNS

Os camaleóns viven nas selvas de África. Poden cambiar de cor para esconderse dos perseguidores, para cazar, conseguindo así acercarse a presa sen que ésta os vexa, ou para indicarlle os outros camaleóns cal é o seu estado de ánimo. Por exemplo, un camaleón cando está moi enfadado ponse negro.




Ten unha lingua moi longa, tan longa coma o seu corpo, as veces incluso máis, tena enroscada na boca e cando se acerca un insecto a saca e a lanza coma se fora un lazo e logo atráea á boca.

A súa lingua é moi rápida, tarda unha fracción de segundo en saír da boca e en volver outra vez a ela, ademais ten moita puntería, poucas veces falla.

As súas patas son coma pinzas, sérvenlle para agarrarse ás polas; tamén se pode agarrar ás polas co rabo. Ten un rabo longo e flexible que se enrosca arredor das polas.

Os seus ollos móvense de forma independente, poden xirar en calquera dirección e pode mirar en dúas direccións a vez, incluso pode mirar para diante con un ollo e para atrás co outro ó mesmo tempo.



COMPRESIÓN

1. Sinala a resposta acertada e fai que as outras dúas sexan correctas

▶ O camaleón

- ten unha lingua moi curta, como o seu rabo
- poden cambiar de cor para esconderse
- cando está moi enfadado ponse bermello

▶ Os camaleóns

- moven os ollos de forma independente
- enroscan o rabo arredor das presas
- teñen as patas moi resbaladizas

2. Responde as seguintes preguntas:

- ¿Donde viven os camaleóns?

- ¿Como é a sua punteria na caza?

- ¿Pode un camaleón mirar en dúas direccións a vez?

- ¿Para que lle serve o rabo?

- ¿Para que cambia de cor o camaleón?

4. Escribe na ringleira as palabras que se repiten nas columnas:

CAMALEÓN
OCELOTE
ELEFANTE
LINGUA
CORES
MAMÍFERO

PITÓN
CORES
CAMALEÓN
TREPADOR
LINGUA
MAMÍFERO





LINGUA
PRESA
CORES
ESPUMA
TREPADOR
CAMALEÓN

5. Busca na sopa de letras:

CAMALEON, CORES, LINGUA, OLLOS, PRESA

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | C | M | F | A | R | I | P | R | E | S | A |
| C | O | A | A | S | H | T | Y | I | A | S | A |
| E | A | R | B | M | C | R | Y | U | G | P | L |
| A | I | M | A | S | I | A | C | A | B | R | E |
| N | B | C | A | O | A | F | E | O | F | O | A |
| M | R | S | A | L | A | Ñ | I | Ñ | R | T | R |
| Y | I | D | T | L | E | B | H | R | O | E | D |
| U | R | U | U | O | E | O | R | Y | O | Z | S |
| H | O | G | O | T | S | C | N | Y | V | O | U |
| R | A | I | A | E | I | X | E | T | O | O | P |
| E | T | N | A | F | E | L | I | N | G | U | A |

6. Pinta o sigue el siguiente camaleón en diferentes colores.



7. Primeiro le estas frases e logo
escribeas:

Os camaleóns poden cambiar de cor para esconderse dos perseguidores

.....

O camaleón pode mirar para diante con un ollo e para atrás co outro

.....

8. Ordena as seguintes palabras e forma
frases con sentido:

- ▶ Poden para perseguidores esconderse cambiar de cor dos

.....

.....

.....

- ▶ Un negro. enfadadoponse camaleón cando está moi

.....

.....

.....

- ▶ Os móvense independente seus ollos de forma

.....

.....

9. Ordena as seguintes frases:

e ten unha rápida camaleón lingua O longa moi

.....

.....

de independente ollos camaleón móvense do forma Os

.....
.
.....
.
10. Separar e ordenar:

CambiarOspodendecamaleónscor

.....
.
.....

11. No texto dinnos que o camaleón se pon negro cando está cabreado. De que cor pensas ti que se porá cando está:

Triste:

Contento:

Avergonzado:

Asustado:

Para ligar:

Para asustar:

Di ti outras posibilidades:

.....
.
.....
.

12. Continúa o CONTO:

Había unha vez un pequeno camaleón que era moi despistado.

Cada mañán, levantábase cedo, almorzaba e marchaba a escola onde, entre outras cousas, lle ensinaban a cambiar de cor e a mover os ollos e a lingua.

Un día....

.....

.

.....

.

.....

.

.....

.

.....

.

.....

.

.....

.